

A FUNDACIÓN LUÍS TILVE ENTREGA OS PREMIOS “TRABALLO DIGNO 2023” A JOSÉ CARRILLO E SUSO DÍAZ



Redacción.- Hoxe, o edificio Cersia, en Santiago, acolleu o acto de entrega dos Premios Traballo Digno 2023 da Fundación Luís Tilve, que nesta edición recaeron en dous sindicalistas de recoñecida traxectoria: José Carrillo Souto e Suso Díaz Díaz, pola súa labor incansable na defensa dos dereitos das traballadoras e dos traballadores e pola súa loita na procura, precisamente, da dignificación do traballo.

Ambos premiados presentan unhas biografías similares. Nados en familias numerosas, de esquerdas, dedicadas ao traballo do campo, teñen que empezar a traballar de moi novos para axudar na economía familiar, José Carrillo no comercio e logo na fábrica de Armas de Santa

Bárbara na Coruña e Suso Díaz no estaleiro de Astano. Alí descubrirán a precariedade e a carencia de dereitos laborais, convenios e seguridade, o que os levará, xunto a outros compañeiros, á loita obreira nunha época na que reclamar dereitos era un acto de valentía, reprimido duramente pola ditadura franquista. Carrillo o faría dende as filas da UGT e do PSdeG-PSOE e Díaz dende CCOO e o PCE pero ambos cun mesmo obxectivo, garantir uns traballos dignos, primeiro, fronte ao franquismo e, logo, fronte ás políticas neoliberais. Os dous o farían, ademais, de maneira exemplar, dende relevantes cargos nas súas respectivas organizacións sindicais, Carrillo como secretario xeral de UGT-Coruña (1992-2020) e Díaz

como secretario xeral do S.N. de CCOO de Galicia (1989-2000).

Abriron o acto o presidente da Fundación, José Benito Núñez, e o presidente de honra, Fernando González Laxe que tiveron unhas palabras de recoñecemento á traxectoria dos premiados e tamén repasaron o traballo desenvolvido pola Fundación e como foi a traxectoria destes premios nestes últimos anos.

Tras a recollida dos premios, entrevistáronse José Carrillo e Suso Díaz.

Carrillo destacou a labor que está a desenvolver a Fundación Luís Tilve, tanto a nivel da recuperación da memoria histórica, como o traballo do arquivo e da organización

anual dos premios. Pero, sobre todo, ensalzou a necesidade de seguir na liña de recuperación da memoria histórica en tempos como os que corren coas ameazas continuas dos movementos de ultradereita sobre a democracia. Neste senso, apuntou que non está todo feito, hai que seguir traballando.

Tamén fixo extensivo este premio ás persoas, homes e mulleres, que compartiron con el executivas da Unión e das federacións.

Pola súa banda, Suso Díaz, salientou o feito de que sexa o sindicato UGT quen lle outorgue este premio, isto é unha novidade que se debería tomar como exemplo. Incidiu moito na importancia da unidade de acción, unha ferramenta básica que permitiu os grandes logros sindicais da democracia neste país co fin de que os traballadores e traballadoras gocen de máis e mellores dereitos.

Palabras de lembranza para Suso Mosquera

Ambos galardoados tamén tiveron unhas sentidas palabras de lembranza para o compañeiro Suso Mosquera, o que provocou os aplausos de todos os asistentes.

Xa no acto de clausura o primeiro en tomar a palabra foi o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, que lembrou unha frase de Saramago que dicía que “somos a memoria que temos e a responsabilidade que asumimos” e amosou o orgullo do Sindicato por traxectorias como a de Carrillo e Díaz, polas responsabilidades asumidas en tempos realmente difíciles e pola súa gran contribución, como moitos compañeiros de xeración, ao gran salto social e democrático que experimentou o país ao longo destes últimos 45 anos.

José Antonio Gómez reivindicou ás organizacións sindicais e o papel que protagonizaron no fortalecemento dos valores democráticos e nos avances sociais do país

Neste senso, reivindicou ás organizacións sindicais e o papel que protagonizaron no fortalecemento dos valores democráticos e nos avances sociais do país. Aínda que, apuntou, que queda traballo por facer. En Galicia os retos son claros, máis e me-

llor emprego; abordar xa o reto demográfico; crecer economicamente e mellorar os niveis de produtividade; aumentar o salario e a renda real; corrixir as eivas do tecido económico; fortalecer en materia industrial o tradicional e apostar por sectores de alto valor engadido como o tecnolóxico; dispoñer dun trazado de infraestruturas moderno onde se prime o ferrocarril coa extensión do Corredor Atlántico; traballar na revalorización do rural; e reforzar as políticas activas de emprego e a formación continua. Todos estes retos hai que abordalos baixo o paraugas da sostibilidade e sen deixar a ningún atrás.

Agradecemento aos premiados pola senda aberta hai anos na loita polos dereitos dos traballadores e traballadoras nun contexto especialmente complexo

Rematou agradecendo á Fundación a organización deste acto porque para afrontar o futuro hai que parar e mirar cara o pasado e agradeceu aos premiados pola senda que abriron hai anos na loita polos dereitos dos traballadores e traballadoras nun contexto moi complexo. Agora hai que seguir traballando porque nada está gañado, os dereitos hai que loitalos todos os días.

De seguido, o presidente da Deputación da Coruña e secretario xeral do PSdeG, Valentín González Formoso, considerou que o traballo e a loita sindical de Carrillo e Díaz con moitos sacrificios persoais, aínda así, pagou a pena por gozar hoxe de moitos dereitos. E, como noutras das intervencións, recoñeceu que aínda queda moito por facer e conquistar, sobre todo, nun contexto como o actual de ameazas globais.

Pola súa banda, a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, Elena Rivo, recoñeceu que os galardoados son dúas persoas que xa forman parte activa da nosa democracia e da historia do movemento sindical do país.

A ministra de Traballo e Economía Social, Yolanda Díaz, comezou a súa intervención recoñecendo, ademais da andaina dos premiados, a figura de Fernando González Laxe, o que fora presidente da Xunta, por abrir as portas á Galicia da modernidade.

Considera que é unha obriga explicarlles ás novas xeracións a loita sindical e como esta foi fundamental na conquista dos dereitos laborais e sociais dos que se goza hoxe en día.

Destacou o modelo ético e de entereza que representan Carrillo e Díaz e tamén louvou a iniciativa e o traballo desenvolvido pola Fundación Luís Tilve.

Insistiu en que o sindicalismo non é só pasado, é presente e futuro e que non pode haber democracia sen sindicalismo que é, precisamente, a garantía para ensanchar a democracia.

O sindicalismo ensancha a democracia

Tamén destacou o papel, neste ensanchamento da democracia que está a xogar o diálogo social e como, froito deste, asúmense compromisos como o realizado hoxe de subir o SMI este ano un 5%, o que vai beneficiar a 127.000 galegos e galegas. Tamén se comprometeu, dentro tamén da senda do diálogo social, á reforma do subsidio de desemprego para protexer a quen máis o necesita.

Tivo unhas palabras para Suso Díaz, o seu pai, a quen lle recoñeceu que o seu compromiso foi forxado na súa propia casa co que viviu dende a súa nenez.

Recoñecemento do traballo realizado pola Fundación

Pechou o acto o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, que tamén recoñeceu o traballo da Tilve e coincidiu coa ministra en que o sindicalismo é o elemento que ensancha a democracia e os sindicatos son os instrumentos fundamentais para a democracia e o progreso das persoas.

Preguntouse como sería a nosa sociedade actual sen homes como Pepe e Suso. Por isto, considera que non caben preguntas como se sobran ou non os sindicatos.

Son máis necesarios que nunca, son actores que converxen nunha sociedade máis xusta e igualitaria.

Canto máis peso teñen as organizacións sindicais nunha sociedade, máis xusta e igualitaria será esta.

IMPORTANTE SEGUIMENTO DAS XORNADAS DE FOLGA NA LIMPEZA DAS PROVINCIAS DE PONTEVEDRA E OURENSE POR UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- As traballadoras e traballadores do sector da limpeza das provincias de Pontevedra e Ourense protagonizaron este mércores a primeira xornada de folga que abriu un calendario de mobilizacións que, de non mover ficha as patronais do sector, de seguro que se vai ampliar con novos actos..



Lembrar que xa van máis de 10 meses de negociacións en ambos casos, xa que se trata de convenios provinciais, e os empresarios do sector adicáronse neste tempo a dilatar o proceso e presentar propostas irrisionas en materia salarial coas que abocarían a un sector xa moi preca-

rizado, co 85% dos seus contratos a tempo parcial, a seguir perdendo poder de compra. Ademais, hai que ter en conta que se está a falar dun sector altamente feminizado.

As traballadoras e traballadores do sector reclaman respecto para un

traballo que ata non hai moitos meses considerábase esencial para a sociedade.

A xornada de folga estivo acompañada de manifestacións que se celebraron en Pontevedra, Arousa, Vigo e Ourense.

NOVA XORNADA DE FOLGA EN PERFUMERÍAS ARENAL NA PROVINCIA DA CORUÑA

Redacción.- O día 5 as traballadoras e traballadores das perfumerías Arenal na provincia da Coruña secundaron unha nova xornada de folga convocada en demanda de melloras salariais ata acadar, cando menos, as condicións establecidas no convenio de comercio minorista da provincia da Coruña. Ademais, secundaron diversas mobilizacións. Esta convocatoria contou co respaldo maioritario das traballadoras e traballadores en asemblea nas tres localidades onde Arenal ten centros na provincia, A Coruña, Santiago e Carballo.

Lembrar que xa os pasados días 29 de novembro e 23 de decembro tiveron lugar outras dúas xornadas de folga.



OS TRABALLADORES DE JARDINCELAS EN CAMBRE E CULLEREDO, EN FOLGA

Denuncian os reiterados atrasos no pago das nóminas

Redacción.- As traballadoras e traballadores de Jardincelas, tanto do concello de Cambre como do de Culleredo, iniciaron este luns unha folga para denunciar os continuos atrasos no pago das súas nóminas.

Concretamente, esta folga está a afectar en Cambre ao servizo de limpeza de edificios e instalacións municipais e en Culleredo tamén á limpeza de edificios e limpeza varia.



PREACORDO EN VITRASA

Redacción.- Onte, tras unha intensa xornada de negociacións entre Vitrasa, a empresa concesionaria do transporte urbano de Vigo, e o Comité de empresa, chegouse a un preacordo que agora terá que ser levado a consulta dos traballadores e traballadoras.

No preacordo establécese que para o 2023 a suba será do 2,5%, actualizando as táboas do 2024 e cobrando atrasos. Tamén existe acordo no relativo á nocturnidade de talleres, cam-

bios de quendas entre compañeiros e melloraránse os descansos entre paradas.

Deste xeito, queda desconvocada a folga, sempre co compromiso de que en tres semanas se produza un avance importante no resto dos temas a negociar. De feito, váiselle solicitar ao AGA a súa participación nas reunións, unha ou dúas á semana.



UGT ESIXE EXTREMAR A PROTECCIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS ANTE AS ONDAS DE FRÍO DESTE INVERNO

As empresas deben avaliar o risco de exposición ao frío e adoptar as medidas preventivas necesarias para evitar accidentes laborais ante unha baixada importante das temperaturas



Redacción.- UGT lembra a importancia de que as empresas cumpran coa normativa en prevención de riscos laborais, avalíen os riscos da exposición laboral a baixas temperaturas nos casos que sexa necesario e apliquen medidas preventivas para protexer a seguridade e saúde das persoas traballadoras.

O estrés térmico por frío é aquel que se produce como consecuencia dunha exposición laboral a ambientes de traballo a baixas temperaturas. Dita exposición pode producir síntomas desde leves incomodidades e arrefriado, ata problemas máis graves como a hipotermia fisiolóxica, ademais de aumentar o risco de padecer trastornos musculoesqueléticos.

A partir de temperaturas inferiores aos 15°C pode comezar a sensación de disconfort térmico, e por baixo dos 5°C débese considerar que o risco é inmediato, segundo a nota técnica de

prevención sobre estrés por frío do Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo. Neste sentido, a secretaria de Saúde Laboral de UGT lembra que “nos traballos ao aire libre, en altitude, naqueles que se está en contacto con auga fría, pero tamén naqueles que se dan dentro dun local en ambientes fríos débese avaliar o risco de estrés térmico por frío e implantar medidas preventivas que limiten e reduzan a exposición a estas baixas temperaturas”.

Doutra banda, o sindicato reclama que as persoas traballadoras reciban formación e información sobre os riscos do traballo en ambientes fríos e ter en conta as características da persoa traballadora.

En canto ás medidas preventivas en ambientes interiores, para UGT, deben ir encamiñadas a modificar as instalacións mediante técnicas de enxeñería como, por exemplo, sistemas de calefacción, refrixeración ou illa-

mento térmico.

En ambientes exteriores, as medidas de protección que se deben aplicar son, principalmente, levar roupa de protección adecuada ou o control da exposición ás baixas temperaturas. A roupa de traballo deberá ser ergonómica e permitir o movemento da persoa traballadora e deberá cambiarse sempre que se atope húmida.

Ademais, Ana García sinala que “as empresas deben adoptar distintas medidas preventivas en función dos resultados da avaliación de riscos como, por exemplo, medidas de tipo organizativo, como a alternancia de tarefas; organizar os traballos ao aire libre tendo en conta a previsión meteorolóxica e evitar traballos en solitario ou illados. Tamén pode ser necesario facilitar axudas mecánicas para reducir os traballos manuais a baixas temperaturas ou realizar pausas en lugares habilitados que dispoñan de calefacción”.